

ORDENANZA FISCAL DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO.

Artigo 1º.- Fundamentos e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Tasa por recollida de Lixo”, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, cujas normas antenden ó preveñido no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º.- Feito imponible.

1.- Consitúe o feito imponible da Taxa a prestación (175) do Servicio de recepción obligatoria (176) de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbáns de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se execren actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servicios.

2.- A tal efecto, considéranse lixos domiciliarios e residuos sólidos urbáns os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de locais e vivendas e se exclúen de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritus humanos, materia e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuia recollida ou verquido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas no que preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso de precario (178).

2.- Terá a consideración de suxeito pasivo sustituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir no seu caso, as cuotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4º.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quiebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Cuota tributaria.

A cuota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles e da categoría do lugar, praza, rúa ou vía pública onde estean ubicados aqueles.

A tal efecto, aplicarásese a seguinte tarifa:

Por cada vivenda: 46 Euros.
Por establecementos: 46 Euros.

Anualmente aumentarase a tarifa na porcentaxe que aumente o custo de vida.

As cuotas sinaladas na Tarifa teñen carácter irreducible e corresponden a un ano.

Artigo 6º.- Devengo.

Devégase a taxa e nace a obriga de contribuir dende o momento no que se inicie a prestación do servico, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando esté establecido e en funcionamento o servico municipal de recollida de lixo nas rúas e lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

Establecido e en funcionamento o referido servico, as cuotas devengaránse dentro do primeiro trimestre do ano.

Artigo 7º.- Declaración e Ingreso.

As altas durante o exercicio produciránse dende o momento no que se inicie a prestación do servico.

No caso de que dito servico se inicie a partir do 30 de xuño, cobrarase só a metade da tarifa que lle corresponda para ese ano.

Artigo 8º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.